A cantiga de escárnio

Na cantiga de escarnio, o eu-lírico fai unha sátira a algunha persoa. Esa sátira era indirecta, chea de dobres sentidos. As cantigas de escarnio (ou "de escarnho", na grafia da época) defínense, pois, como aquelas feitas polos trobadores para dicir mal de alguén, por medio de ambiguidades, e xogos semánticos, nun proceso que os trobadores chamabam "equívoco". O cômico que caracteriza esas cantigas é predominantemente verbal, dependente do emprego de recursos retóricos. A cantiga de escarnio esixindo unicamente a alusión indirecta , para que o destinatario non sexa recoñecido, estimula a imaginación do poeta e suxíelle unha expresión irónica, e ás veces, bastante mordaz.

Noutras, o significado explícase ao final. Son un xogo de inxenio, e pouco sinceras. Poden conter unha referencia clara e despiadada ou ben poden adoptar unha actitude irónica.

Exemplo:

Ai, dona fea, foste-vos queixar que vos nunca louv[o] em meu cantar; mais ora quero fazer um cantar em que vos loarei toda via; e vedes como vos quero loar: dona fea, velha e sandia! (...)

- Crítica indirecta; normalmente a persoa satirizada non é identificada.
- Linguaxe traballada, chea de sutilezas e ambiguidades
- Ironia

A cantiga de maldicir

Ao contrario da cantiga de escarnio, a cantiga de maldicir trae unha sátira directa e sen dobres sentidos. É común a agresión verbal á persoa satirizada, e moitas veces, son utilizadas ata palabras mal soantes. O nome da persoa satirizada pode ou non ser revelado.As cantigas de maldecir expresan vivamente a súa intención: “dizer mal”. Non hai confusión de sentidos, son máis sinceras e levan consigo en ocasiones unha misión moralizadora. Coas críticas dirixidas ás institucións e a quen as representan (Deus e o mal Papa, a abadía e o mal abade, o monarca e quen o substitúe), son frecuentes a censura e as alusións aos vicios “anticorteses” (en primeiro lugar a avaricia, logo a escasa profesionalidade dos trobadores e xograres culpables de non saber compoñer cancións de altura). Hai uso de palabras gorseiras empregadas para ofender ás persoas aludidas.

CLASIFICACIÓN SEGUNDO A TEMÁTICA

1. SÁTIRA OU SIRVENTÉS MORAL: fanse amargas consideracións sobre cuestións morais que afectan ao home.

2. SÁTIRA LITERARIA: son frecuentes os escarnios que se dirixen mutuamente trobadores e xograres. Podemos distinguir os seguintes tipos:

a. Parodias das cantigas de amor e dos tópicos do amor cortés, das cancións de xesta e dos prantos.

b.As que ridiculizan a arte e a pretensión dos xograres de elaborar versos.

c. As que ridiculizan un individuo polas súas escasas calidades trobadorescas.

3. SÁTIRA POLÍTICA E MILITAR, hai dous ciclos:
a. Entrega dos castelos ao conde de Boloña por parte dos nobres portugueses, dos que se ridiculiza a súa covardía.
b. O ciclo de Granada, que alude tamén á covardia dos cabaleiros no campo de batalla, desta volta na guerra contra Granada.

4. SÁTIRA SOCIAL: grande parte das 400 cantigas de escarnio conservadas teñen asunto variado e diríxense a personaxes concretos, dos que se dá o nome frecuentemente.
a. Sátiras de debilidades físicas que fan escarnio de eivados, vellos...

b. A decadencia dos infanzóns: documentan a vida das clases nobres e o infantado dos ss. XIII-XIV. Nelas aparecen os valores novos que substentan a expansión burguesa a base de ridiculizar os infanzóns, enfonchados e orgullosos da súa condición nobre, mais sumidos na miseria.

c. Sátira de diferentes tipos sociais: validos, administradores, avogados, xuíces, médicos, físicos, sangradores, astrólogos, criadas vellas entremetidas... Atácase a corrupción dos cargos públicos. Hai cantigas que satirizan os xudeus e mesmo os romeiros de Terra Santa.

d. Soldadeiras, cregos, abadesas e cantigas obscenas: un grupo numeroso de cantigas fai referencia á vida das soldadeiras, que acompañaban a trobadores e xograres e exercían a prostitución, e satirízase a luxuria, a homosexualidade masculina ou feminina e todo tipo de “vicios”. A linguaxe é atrevida e non todo o mundo está de acordo en que constitúan, como di o profesor Rodrigues Lapa, a cloaca dos nosos cancioneiros.

RECURSOS.

_Cantigas de mestría e refrán.

_ Ironía, equívoco, xogo de palabras.

_ Linguaxe coloquial, vulgar e obscena.

_ Non hai palabras claves.